

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

As persoas que desexen participar deben cubrir o formulario dispoñible na páxina web do ILG: <http://ilg.usc.gal/actividades/seminario-hector-munoz-cruz>

O prazo de inscrición remata o 29 de xaneiro ás 14.00 h

DATAS E HORARIO

30 e 31 de xaneiro 10.00 a 13.30 h

1 de febreiro: 10.00 a 13.00 h

LUGAR

Sala de videoconferencias B03 da Facultade de Filoloxía da USC (Avda. Castelao, s/n, Campus Norte)

ORGANIZACIÓN

- Instituto da Lingua Galega e Grupo de Investigación Filoloxía e Lingüística Galega (FILGA), Universidade de Santiago de Compostela
- Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Seminario

REFLEXIVIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA: CONCEPCIÓNS E CAMBIOS SOCIOCULTURAI

HÉCTOR MUÑOZ CRUZ

30 e 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2019

Sala de Videoconferencias B03

Facultade de Filoloxía

Universidade de Santiago de Compostela

Héctor Muñoz Cruz, doutor en Lingüística polo Colegio de México, é profesor da Área de Lingüística da Universidad Autónoma Metropolitana (Unidad Iztapalapa) de México, onde dirixe a revista Signos lingüísticos. É autor de numerosas e relevantes publicacións sobre sociolingüística e interculturalidade, con especial atención ao ámbito da educación e ás linguas faladas en México. No Seminario que ofrece analizará a importancia, a natureza e a estrutura lóxico-discursiva de razoamentos,

actitudes e algunhas outras formas de cognición social sobre a diversidade lingüística e a comunicación intercultural expresadas en actividades reflexivas de falantes e de institucións que deseñan e administran políticas da linguaxe.



PRESENTACIÓN

O propósito deste seminario é analizar a importancia, a natureza e a estrutura lóxico-discursiva de razoamentos, actitudes e algunhas outras formas de cognición social sobre a diversidade lingüística e a comunicación intercultural que se expresan en actividades reflexivas de falantes e de institucións que deseñan e administran políticas da linguaxe.

Reflexividade sociolingüística, noese (razoamento) e intencionalidade constitúen conceptos centrais neste tipo de análise. No manexo destes conceptos implícanse tanto as capacidades como as actividades cognitivas, afectivas e filosóficas que se manifestan nos máis diversos comportamentos comunicativos e nunha complexa gama de discursos reflexivos de todos os falantes de calquera comunidade de lingua. Concibido así, o obxecto de estudo é analizado con elementos da teoría lingüística, da filosofía da linguaxe, da historia das políticas sobre pobos minoritarios e a epistemoloxía da referencia.

As actividades reflexivas que se presentan e exploran na análise mostran que non só os razoamentos sociolingüísticos, senón tamén os patróns de comportamento comunicativo e as preferencias lingüísticas posúen unha notable flexibilidade e un amplo rango de adaptabilidade e de transformación. No entanto, cada colectivo etnolingüístico adopta mecanismos simbólicos específicos para transmitir os significados e elementos máis importantes da cultura dunha xeración a outra, e tamén dunha comunidade a outras externas.

Nesta perspectiva, a sociedade contemporánea será concibida como unha organización sistémica de diversos 'dominios sociais', que constitúen os auténticos nichos onde se negocian os significados e a reflexividade de todo traballo ou demanda social.

Espérase tamén reflexionar sobre as consecuencias dos patróns gravitacionais e hexemónicos que reflicten a maioría das políticas culturais, educativas e lingüísticas institucionais.

OBXECTIVOS

- a) Establecer unha definición compartida do conflito intercultural, que implique accións de mediación institucional e/ou comunitaria, ao redor da diversidade lingüístico-cultural e a comunicación intercultural
- b) Bosquexar unha tipoloxía de conflitos interculturais contemporáneos
- c) Exercitar un modelo de dominios sociais para analizar tópicos, roles e regras de interacción en conflitos interculturais

- d) Aplicar experimentalmente unha metodoloxía de análise etnográfica de conflitos interculturais
- e) Explorar a natureza e alcance de actividades reflexivas de falantes e comunidades nos ciclos históricos dos conflitos lingüísticos e culturais

CONTIDOS

1 Deseños sociolingüísticos do multilingüismo

- 1.1 Intencionalidade e reflexividade, como mecanismos básicos da comunicación
- 1.2 Tipoloxía de conflitos interculturais

2 Etnografía de conflitos socioculturais en dominios sociais

- 2.1 Estrutura de regulacións por dominios sociais: tópicos, roles e regras
- 2.2 Accións verbais e accións non verbais
- 2.3 Significados individuais e institucionais

3 Reflexividade sociolingüística

- 3.1 Cognicións, avaliacións e regulacións
- 3.2 Políticas de linguaxe como mecanismos reflexivos

METODOLOXÍA

O seminario desenvolverá primeiramente unha modalidade de conceptualización sobre a natureza sociolingüística, pragmática e etnográfica dos conflitos interculturais, facendo rápidas referencias a fontes conceptuais recomendadas e utilizando da mellor maneira posible antecedentes e experiencias dos participantes acerca dos cambios socioculturais e sociolingüísticos. A xornada do primeiro día concluirá con actividades de traballo etnográfico sobre situacións en dominios sociais por determinar, co fin de utilizar empiricamente o dispositivo de microanálise 'contextos-accións-significado'. Prevese algunha modalidade de traballo en equipo.

Para iso, empregaranse un conxunto moi reducido de fontes disciplinares e, principalmente, basearémonos en elementos das experiencias de vida e de reflexividade cultural e sociolingüística dos propios participantes no curso.